

'CAMPIONATO TERRITORIAL'

LIGA DIVISIÓN HONRA XUVENIL FEMININA

DATA RFEBM CAMPIÓN XUVENIL FEMININA: 18/04/2021

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición disputarase en catro fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

1ª FASE ou LIGA REGULAR:

A División de Honra Xuvenil Feminina estará composta por doce equipos. Clasificándose os dous primeiros de cada grupo do Play Off e os dous mellores terceiros tendo en conta o criterio FGBM. Os doce equipos participantes dividiranse en dous grupos. A composición dos grupos realizarase a sorteo. Primeiro se levará a cabo o sorteo dos primeiros clasificados, quedando divididos tres equipos nun grupo e dous noutro grupo, e a continuación farase o mesmo proceso cos cinco equipos que quedaron de segundos clasificados e os dous mellores terceiros.

CLASIFICACIÓN PLAY OFF
1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.
11.
12.

GRUPO A
1º GRUPO X PLAY OFF
1º GRUPO X PLAY OFF
1º GRUPO X PLAY OFF
2º GRUPO X PLAY OFF
2º GRUPO X PLAY OFF
3º GRUPO X PLAY OFF

GRUPO B
1º GRUPO X PLAY OFF
1º GRUPO X PLAY OFF
2º GRUPO X PLAY OFF
2º GRUPO X PLAY OFF
2º GRUPO X PLAY OFF
3º GRUPO X PLAY OFF

FORMATO 1ª FASE: Os equipos enfrontarase todos contra todos a dobre volta dentro do grupo. Os partidos de ida e volta disputarase en semanas contiguas.

DATAS 1ª FASE:

2

XORNADA 1 (IDA): 21-22/11/2020	XORNADA 6 (VOLTA): 16-17/01/2021
XORNADA 2 (VOLTA): 28-29/11/2020	XORNADA 7 (IDA): 23-24/01/2021
XORNADA 3 (IDA): 12-13/12/2020	XORNADA 8 (VOLTA): 30-31/2021
XORNADA 4 (VOLTA): 19-20/12/2020	XORNADA 9 (IDA): 6-7/02/2021
XORNADA 5 (IDA): 9-10/01/2021	XORNADA 10 (VOLTA): 13-14/02/2021

DATAS PARA RECUPERACIÓN DE ENCONTROS APRAZADOS NA 1ª FASE:

- 05-06-08/12/2020
- 26-27/12/2020
- 2-3/01/2021

2ª FASE: GRUPO POLO TÍTULO E GRUPO POLA FINAL FOUR:

A segunda fase levarase a cabo en dous grupos, do seguinte xeito:

GRUPO POLO TÍTULO:

Os tres primeiros clasificados de cada grupo da primeira fase, formarán un grupo e xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta.

FORMATO GRUPO POLO TÍTULO: Os equipos enfrontaranse en formato de todos contra todos a dobre volta. Tendo validez e conservando os resultados xa obtidos entre equipos do mesmo grupo da 1ª Fase

DATAS GRUPO POLO TÍTULO:

XORNADA 1 (IDA): 20-21/02/2021	XORNADA 4 (VOLTA): 13-14/03/2021
XORNADA 2 (VOLTA): 27-28/02/2021	XORNADA 5 (IDA): 20-21/03/2021
XORNADA 3 (IDA): 06-07/03/2021	XORNADA 6 (VOLTA): 27-28/03/2021

DATAS PARA RECUPERACIÓN DE ENCONTROS APRAZADOS NA 2ª FASE NO GRUPO POLO TÍTULO:

- 19/03/2021
- 1-4/04/2021 (Semana Santa)

3

GRUPO POLA FINAL FOUR:

Os equipos clasificados nos postos 4º, 5º e 6º, de cada grupo da primeira fase, pasarán ao GRUPO POLA FINAL FOUR.

FORMATO GRUPO POLA FINAL FOUR: Os equipos enfrontaranse en formato de todos contra todos a dobre volta. Tendo validez e conservando os resultados xa obtidos entre equipos do mesmo grupo da 1ª Fase.

DATAS GRUPO POLA FINAL FOUR:

XORNADA 1 (IDA): 20-21/02/2021	XORNADA 4 (VOLTA): 13-14/03/2021
XORNADA 2 (VOLTA): 27-28/02/2021	XORNADA 5 (IDA): 20-21/03/2021
XORNADA 3 (IDA): 06-07/03/2021	XORNADA 6 (VOLTA): 27-28/03/2021

DATAS PARA RECUPERACIÓN DE ENCONTROS APRAZADOS NA 2ª FASE NO GRUPO POLA PERMANENCIA:

- 19/03/2021
- 1-4/04/2021 (Semana Santa)

3ª FASE: ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR

Participarán o equipo clasificado no 1º posto do GRUPO POLA FINAL FOUR e o 5º clasificado no GRUPO POLO TÍTULO.

FORMATO 3ª FASE: Xograse un partido único na casa do 1º clasificado do GRUPO POLA FINAL FOUR.

DATA ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR: 10-11 Abril

4ª FASE: FINAL FOUR

Participarán 2º, 3º, 4º do GRUPO POLO TÍTULO e o gañador da ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR.

FORMATO 4ª FASE: FINAL FOUR

Xogarase polo sistema de eliminatorias a único partido; Semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante unha fin de semana (Sábado e Domingo) nunha sede determinada pola Federación Galega de Balonmán.

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
SEMIFINAL 1	2º Clasificado GRUPO POLO TÍTULO	Gañador Eliminatoria pola Final Four	17 de Abril 2021
SEMIFINAL 2	3º Clasificado GRUPO POLO TÍTULO	4º Clasificado GRUPO POLO TÍTULO	17 de Abril 2021

	EQUIPO LOCAL	EQUIPO VISITANTE	DATA DE CELEBRACIÓN
3º E 4º POSTO	Perdedor Semifinal 1	Perdedor Semifinal 2	18 de Abril 2021
FINAL	Gañador Semifinal 2	Gañador Semifinal 1	18 de Abril 2021

DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL

1º Representante: Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Xuvenil Feminino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da División de Honra Xuvenil Feminina.

2º Representante: No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos vintecinco (25) equipos na categoría Xuvenil Feminina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda praza na Fase Estatal que se outorgará ao vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

No caso de que un club teña equipos en División de Honra e en 2ª División da mesma categoría; o/s equipo/s da inferior división so poderán acceder a Eliminatoria pola Final Four no caso de que o equipo de División de Honra acceda directamente a Fase Estatal como 1º Clasificado da Liga Regular ou quede clasificado nos postos 6º, 7º, 8º, 9º, 10, 11º e 12º da devandita liga.

Vacante por Renuncia ou Invitación:

5

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas do Campionato Territorial da DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.